O outono

O verán



DE COLECCIÓN

Informativo

Primeiras lecturas



Un día en...



Josep Parramón



Rius



Pequena presentación de cada un dos hábitats.

O campo

A vida baixo terra



O mar

A vida no aire

A montaña

A vida sobre terra



DE COLECCIÓN

Informativo

Primeiras lecturas

**Cabaliño alado**

Mireia Sánchez

*Pequena presentación da vida nos diferentes hábitats.**Na árbore
Na area**No chan*

COMBEL

DE COLECCIÓN

Informativo

Primeiras lecturas

**O ciclo da vida**

V.V. AA.

*Para descubrir como nacen e como viven os animais que temos máis preto de nós e os das terras máis distantes**O canguro**A galiña**O crocodilo**O rato**O tucano**O pingüín**O oso branco**O raposo**O xibón**O gato**A bolboreta*

EDITORIAL GALAXIA

DE COLECCIÓN

Narrativa

Lecturas autónomas

**O club da ciencia**

Victor Raga e Montse Español

*Helena e Martiño aprenden co señor Viramontañas diferentes contos sobre a natureza e os perigos que corre.**Explora o universo co señor
Viramontañas**Explora o corpo humano**Explora a atmosfera*

XERAIS

DE COLECCIÓN

Informativo

Lecturas expertas

**Que me dis de...?**

V.V. AA.

*Libros informativos sobre diversas temáticas, algunha delas relacionadas co medio ambiente.**A auga**Coida o teu planeta**Reciclaxe*Nova Galicia
edicions

DE COLECCIÓN

Informativo

Lecturas expertas



Cadernos de medio ambiente



Adela Leiro



Cadernos informativos relacionados co medio ambiente.



Energía e medio ambiente *Os residuos*
O aire



ANOSA TERRA

DE COLECCIÓN

Informativo

Primeiras lecturas



Atópame



Nathaniel Marshall



Tirando das lapelas descubrimos as fabulosas criaturas que viven nos diferentes hábitats.



Atópame no mar *Atópame no bosque*
Atópame na selva *Atópame na neve*



TAMBRE

DE COLECCIÓN

Informativo

Primeiras lecturas



Animais invisibles



Pavla Hanácková



Linh Dao e Inna Chernyak



Pequena presentación de cada un dos hábitats.



Quen se agocha no deserto e no mar? *Quen se agocha no bosque e na neve?*



TAMBRE

DE COLECCIÓN

Narrativa

Lecturas expertas



Calpurnia Tate




Jacqueline Kelly



A curiosidade dunha nena polo mundo natural e as teorías científicas de Darwin así como a súa ilusión por converterse en veterinaria e coidar os animais son algo que non se entendía moi ben, na época na que lle tocou vivir.



A evolución de Calpurnia Tate *O curioso mundo de Calpurnia Tate*



Kalandraka

DE COLECCIÓN



Animalia



Xosé Tomás



Xosé Tomás



Un proxecto de banda deseñada protagonizado por animais de diversos hábitats co humor acompañando as tiras.




Animalia 1. Verde (localizada na selva)

Animalia 2. Branco (ambientada no mundo dos polos)

Animalia 3. Azul (protagonizada polos animais acuáticos)

Banda deseñada



Lecturas autónomas



DE COLECCIÓN



A toupiña



Zdeněk Miler



Seguimos a toupiña pola natureza en todo tempo.



A semana da toupiña

A toupiña e o inverno

A toupiña e o verán

A toupiña e a primavera

A toupiña e o outono

A toupa vai explorando a fraga

Narrativa



Primeiras lecturas



E TAMÉN...

Colección Naturizo de Linteo

Colección Carantoña de Bululú

As aventuras de Nunavut

A Nosa Natureza

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

DE CONCIENCIA AMBIENTAL

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas

E que podo facer eu?

José Campanari
Jesús Cisneros



OQO editora

O
978-84-9871-049-6
2008

Esta historia amósanos que a vida non é doada para moitas persoas e que todos e todas podemos facer algo, sempre, para mellorar o noso entorno. O problema está en non decatarnos, en acomodarnos e considerar que non temos posibilidade de cambiar nada.

DE CONCIENCIA AMBIENTAL

Informativo

Lecturas autónomas

Salvamos o planeta! Respostas rápidas para preguntas enxeñosas

Roser Ruiz Laguas
Bruno Martínez Tabares
Equipo Xerais



XERAIS

Coñecemento.
Básicos Ciencia
978-84-9121-749-7
2020

Un libro ameno e ben ilustrado que da resposta científica, clara e accesible, ás preguntas cotiás: Por que hai gaivotas nos vertedoiros? Que é unha marrea negra? E o quentamento global? Tan malo é o plástico?

DE CONCIENCIA AMBIENTAL

Biografía

Lecturas autónomas

A historia de Greta. Non es demasiado pequeno para facer cousas grandes

Valentina Camerini
Veronica "Veci" Carratello
Moisés Barcia



sushi books

Intermedio
978-84-16884-32-2
2020

Biografía non oficial de Greta Thunberg, a adolescente sueca que se tornou nun símbolo ao comezar, con quince anos, unha protesta fronte ao Parlamento. A súa mensaxe é que non se pode agardar a que os políticos fagan algo, é preciso actuar dende xa, porque a natureza non resiste tanta destrución. Ela comeza unha mobilización para salvar o planeta, representando a toda a mocidade que se mobiliza. Unha historia de esperanza, valor e determinación na busca dun futuro mellor.

DE CONCIENCIA AMBIENTAL

Narrativa

Lecturas expertas

A Terra de Anna

Jostein Gaarder
David A. Álvarez



kalandraka

Factoría K de Libro
978-84-16721-14-6
2017

Anna ten soños premonitorios, neles albisca o mundo desolado e agonizante no que vive a súa bisneta Nova, en 2082. O mar incrementara moitos metros o seu nivel e o planeta perdera a maior parte da súa riqueza, o deserto avanzara por todos os continentes, destruíranse numerosos ecosistemas e miles de especies de plantas e animais extinguíranse ou estaban en vías de desaparición. Ao esperar dese pesadelo, Anna e o seu amigo Jonas, xunto co doutor Benjamin, tentarán advertir á humanidade do perigo, para evitar a catástrofe natural.

DE CONCIENCIA AMBIENTAL

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas

**A historia do Rainbow Warrior**

Rocío Martínez



Rocío Martínez



Laura Almazán



Este libro conta a historia de barco emblema da ONG Greenpeace, destruído por un acto terrorista do Goberno francés cando estaba protestando en Nova Zelandia contra os ensaios nucleares franceses. O seu nome, *Guerreiro do arco da vella*, provén dunha lenda indíxena na que se fala que chegará un tempo no que os paxaros caerán do ceo, os animais dos bosques morrerán, o mar ennegrecerá e os ríos correrán envelenados; nesas días, homes de todas as razas e pobos uniranse como guerreiros do arco da vella para loitar contra a destrución da Terra. Ese era o seu cometido que agora continúan outros barcos que seguen a chamarse igual.



Kalandraka



Fóra de colección



978-84-8464-671-6



2020

DE CONCIENCIA AMBIENTAL

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas

**Quen falta?**

Arianna Papini



Arianna Papini



Xosé Ballesteros



Neste libro falan 20 animais que están en perigo de extinción ou que xa non existen pola acción do ser humano, pola deforestación, o quecemento do planeta, o furtivismo, a contaminación...



Kalandraka



Demademora



978-84-8464-905-2



2014

DE CONCIENCIA AMBIENTAL

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas

**A nena que abrazaba as árbores**

Henrique Alvarellos



Xulia Nieto



Laura Almazán



O libro fala da relación de amor que unha nena mantén cunha árbore (un freixo) e, tamén, cun seu amigo cego. Eles, descubren un mundo fascinante cheo de sensacións e compromiso coa natureza, que se materializa no abrazo á árbore.

A historia convida a coñecer e valorar o medio natural e remata achegando información sobre o freixo e a súa relación coa nosa cultura e mitoloxía.



LIBRO DE ALVARELLOS



Verdemar



978-84-16460-79-3



2020

DE CONCIENCIA AMBIENTAL

Narrativa

Lecturas autónomas



O home que plantaba árbores



Jean Giono



Jacobo Fernández Serrano



Ánxela Rodríguez Rodríguez



Narra a vida dun home e o seu esforzo solitario, constante e paciente, para reforestar, el só, unha das rexións máis desoladas e ermas de Francia.

A historia ten lugar na primeira metade do século XX e forma parte do imaxinario ecoloxista.



EDITORIAL GALAXIA

978-84-9865-155-3

2009

DE CONCIENCIA AMBIENTAL

Ensaio

Lecturas expertas / familias



Indignédevos!



Stéphane Hessel



Fernando Moreiras



O autor, que naceu en Alemaña, participou na Resistencia francesa contra os nazis e sobreviviu aos campos de concentración, foi tamén unha das persoas que redactou a "Declaración dos Dereitos Humanos" en 1948.

Este libríño, que publicou en 2010, é un chamamento contra a indiferenza e o pensamento único, un texto no que nos recrimina a actitude pasiva ante as inxustizas, a manipulación e a barbarie.



kalandraka

Ágora K

978-84-15250-06-7

2011

DE CONCIENCIA AMBIENTAL

Ensaio

Lecturas expertas / familias



Contra todo isto. Un manifesto rebelde



Manuel Rivas



O autor pretende espertar a conciencia para descubrir a corrupción, a violencia e todo tipo de eivas e abusos deste mundo globalizado.

Unha chamada de atención, un convite a reflexionar sobre o mundo no que vivimos e a necesidade de reaccionar. Unha petición para intervir contra o medo, contra a domesticación e a renuncia á liberdade, reaccionando contra a desmemoria. Un convite ao inconformismo.



XERAIS

Crónica-Xornalismo

978-84-9121-396-3

2018

DE CONCIENCIA AMBIENTAL

Ensaio

Lecturas expertas / familias




Zona a defender. A esperanza indócil



Manuel Rivas



Unha chamada de alerta sobre a era Mayday. Un tempo de perigo grave e inminente no que é preciso marcar as zonas a defender. Porque hai que salvaguardar unha internacional das consciencias, unha república de iguais, un novo contrato da sociedade coa natureza, unha austeridade fértil cunha nova abundancia creativa, un feminismo que emancipe a mulleres e homes, a descolonización da imaxinación e a sabotaxe (con ironía) de todo dogmatismo, o acordo secreto entre xeracións, unha soidade solidaria, a arte de pensar o impensábel...



XERAIS

Crónica- Xornalismo

978-84-9121-792-3

2020

DE CONCIENCIA AMBIENTAL

Narrativa

Lecturas autónomas

**En efecto bolboreta**

Ana Pillado



Ana Pillado



A Irmandade Lepidóptera, conformada por bolboretas e avelaiñas, inicia a revolución insecta, disposta a espallar o preciso cambio nas consciencias a prol de salvagardar o medioambiente.

Unha fábula sobre a necesidade de protexer a natureza e o valor dos insectos nos ecosistemas naturais cunha perspectiva feminista e de clase e con elementos da nosa mitoloxía como sereas, meigas, fadas, a raíña Lupa ou as viaxes de San Amaro e San Brandán ás illas do Alén.



FERVENZA

978-84-17094-67-6

2019

DE CONCIENCIA AMBIENTAL

Narrativa

Lecturas expertas

**Ardora**

Beatriz Maceda Abeleira



Laura Veleiro



Cando as nais de Nereida marchan de xira, ela e máis os seus irmáns quedan ao cargo da súa tía Lola e vivirán un verán diferente no que descubren a realidade dos océanos e as especies que albergan.

Unha novela que se move en contomas familiares non convencionais e ten como tema central o ecoloxismo e como subtemas a importancia da lectura na formación persoal e o uso responsable das novas tecnoloxías.

urco
EDITORA

Xuvenil

978-84-949456-0-1

2019

DE CONCIENCIA AMBIENTAL

Divulgación

Lecturas autónomas

**SOS Monstros verdadeiros ameazan o planeta**

Marie G. Rohde



Marie G. Rohde



Iria Taibo



Describe as ameazas que acaban co equilibrio ambiental do planeta, clasificándoas e representándoas como monstros, ao xeito de seres mitolóxicos. Trátase de presentar cuestións científicas explicándoas de maneira amena.

Cada monstro ocupa unha dobre páxina na que hai unha descrición curta e precisa con fichas detalladas das accións que debilitan ao monstro e as que o reforzan.

B
BAÍA EDICIONS

Natureza e Ciencia

978-84-9995-338-0

2020

DE CONCIENCIA AMBIENTAL

Narrativa

Lecturas autónomas

**Un mundo para Maruxa**

Estefanía Padullés



Estefanía Padullés



Maruxa é unha londra que trae ao porto o pai de Iria para ser atendida no Centro de Recuperación de Fauna Silvestre. A nena descubre, desta maneira, o perigo dos plásticos para os animais mariños e argalla un plan para salvar o planeta.

Unha historia que busca expandir os valores medio ambientais e apoiar o activismo infantil neste campo.



Belagua

Buguina

978-84-121433-0-0

2020

DE CONCIENCIA AMBIENTAL

Informativo

Lecturas autónomas



Ti podes salvar o planeta



Jacque Wines



Sarah Horne



O subtítulo "101 cousas que ti podes facer para defender o medio" fálanos de iniciativas intelixentes, prácticas e divertidas que calquera pode poñer en marcha con este obxectivo. Porque ante a catastrófica situación na que se atopa o noso mundo, pola acción dos seres humanos, é necesario formar parte da solución e non do problema. Entre todos e todas poderemos reducir os danos converténdonos en auténticos eco-cidadáns e salvadores do planeta.



sm xerme

978-84-9854-002-4

2007

DE CONCIENCIA AMBIENTAL

Informativo

Lecturas expertas



Coida o teu planeta



Manuel Antonio Fernández Domínguez



Ofrece información para comprender que o cambio climático é un feito que afecta a todos os habitantes do planeta. Demostra que é preciso reciclar e facerse conscientes da problemática medio ambiental porque respectar a natureza é imprescindible para unha vida san e para que o futuro sexa posible.



Nova Galicia edicions

Que me dis de...

978-84-85401-11-6

2005

DE CONCIENCIA AMBIENTAL

Divulgación

Lecturas expertas / familias



Primavera silenciosa



Rachel Carson



Juan Jose Casares Long



Un libro que denuncia os efectos prexudiciais dos pesticidas, os herbicidas sintéticos, e os seus residuos que afectan ao medio ambiente (flora e fauna) e á saúde de todos os seres vivos a través da cadea alimentaria. Sinala, así, as responsabilidades da industria química na crecente contaminación.



USC SERVICIO DE PUBLICACIONES E INTERCAMBIO CIENTIFICO

978-8416533053

2015

DE CONCIENCIA AMBIENTAL

Informativo

Lecturas expertas




Cambio climático



VV. AA.



A historia do home e da natureza está vencellada ao clima e ao medio cambiante ao que tiveron que adaptarse. O desenvolvemento industrial acelerou o cambio, provocando o quecemento global. Da intelixencia humana depende que se poida mitigar.



Nova Galicia edicions

Saber Para Vivir

978-84-96950-88-7

2008

DE CONCIENCIA AMBIENTAL

Informativo

Lecturas expertas

**50 cousas que os nenos poden facer para salva-la terra**

The Earthworks Group



Equipo Sálvora



A primeira ensinanza é que non fai falta ser grande para axudar a salvar a Terra. Este libro está cheo de información sobre cousas simples que calquera neno pode facer. Aprender a criar vermes, non malgastar enerxía, plantar árbores, economizar recursos, botar por terra a frase "usar e tirar", darlle un novo uso aos obxectos... Todas axudan a converter ao mundo nun lugar máis saudable para todos.



EMECE-SÁLVORA

84-7888-309-6

1996

DE CONCIENCIA AMBIENTAL

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas

**Cambiemos o mundo**

Nenos e nenas das bibliotecas públicas de Santiago de Compostela, Ourense, A Coruña e Pontevedra



Nenos e nenas das bibliotecas públicas de Santiago de Compostela, Ourense, A Coruña e Pontevedra



O libro é o resultado dos traballos da rapazada participante nos obradoiros de educación ambiental do proxecto "Reinventar o mundo" que se levou a cabo nesas bibliotecas.



-1-

CAPICÚA
editora

978-84-949811-3-5

2020

DE CONCIENCIA AMBIENTAL

Divulgación

Primeiras lecturas

**Coida o teu planeta**

Jean-Michel Billioud



Didier Balicevic



Isabel Soto



Un libro interactivo con rodas, ventás, lapelas... que axuda a descubrir os segredos da natureza e como se pode preservar. Unha obra para contestar preguntas:

Sabías que moitos animais mariños morren polo lixo que se guinda ao mar? E que se necesitan 250 litros de petróleo para fabricar un ordenador? Ou o que é unha marea negra?

Unha obra para destapar os problemas que ten o noso mundo e o que cada un de nós pode facer para melloralo.



sm xerme

O meu mundo

978-84-9854-000-0

2007

DE CONCIENCIA AMBIENTAL

Narrativa

Lecturas expertas

**O paxaro burlón**

Gerald Durrell



Moisés Barcia



Na illa de Zenkali, decídese construír un gran encoro; para facer esta obra cómpre anegar un pequeno val. Os protagonistas da novela descubren que asolagar o val tería consecuencias catastróficas para o ecosistema da illa e destruíría a economía do país.

Humor e unha fonda reflexión sobre o equilibrio ecolóxico e as accións irreflexivas do ser humano sobre a natureza.

sushi
books

Avanzado

978-84-16884-54-4

2022

DE CONCIENCIA AMBIENTAL

Informativo

Lecturas autónomas



Que teñen que ver as vacas co cambio climático?



Marián Martínez Izquierdo e Luísa Martínez Lorenzo



Neste libro explícase como funciona o Planeta e por que os arrotos e os peidos das vacas contribúen ao cambio climático.

Vai ser un libro catastrofista deses nos que todo o que coñecemos vai desaparecer, imos morrer chamuscados e non hai solución? Ben, falamos das consecuencias do fenómeno pero tamén damos instrucións sobre como activar o SUPERPODER para frear o cambio climático. E quen ten ese SUPERPODER? Pois todas as persoas que consumimos.



Preparados, listos... xa!



978-84-18966-08-8



2022

E TAMÉN...

Imaxinando un mundo novo para ti

A natureza ameazada

Xea, Flora e Fauna de Galicia en perigo

Do descoñecido ao descoñecido

A desaparición da neve

A boca da terra

Handwriting practice area with horizontal dashed lines for writing.

DE COÑECER, INFORMARSE

Informativo

Primeiras lecturas

**Olladas**


Dieter Wiesmüller



Dieter Wiesmüller



Eva Almazán García

*Realismo nas ilustracións para botar unha ollada á natureza a través de diferentes animais.***Kalandraka**

MareMar



978-84-8464-656-3



2008

DE COÑECER, INFORMARSE

Informativo

Lecturas autónomas

**Simios**


Martin Jenkins



Vicky White



Chema Heras

*Dos cinco tipos de grandes simios que existen no planeta, catro son moi escasos. O quinto, o ser humano, é quen está conducindo a todos os demais ao risco de extinción.*

Ciencia



978-84-96957-26-8



2008

DE COÑECER, INFORMARSE

Informativo

Primeiras lecturas

**Os peixes e outra fauna mariña**

Tokio



Tokio

*30 imaxes, cos seus nomes, de peixes, crustáceos, moluscos e outra fauna mariña.***A MESA**

978-84-617-6176-0



2016

DE COÑECER, INFORMARSE

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas

**Olá! Son un bicho bóla!**

Elvira Ribeiro Tobío



Noe González Caamaño

*Para descubrir que son máis de un os bichos bóla que viven no planeta.*

Niño de abella



978-84-947389-4-4



2019

DE COÑECER, INFORMARSE

Informativo

Primeiras lecturas



Os nosos bosques



Diego García e Judit Santos



Clara Cerviño



Carballeiras, soutos, devesas, fragas... diversos tipos de bosques galegos e a vida que habita neles.



miudiño
- S.COOP.GALEGA -



Coñecer para amar



978-84-944758-2-5



2019

DE COÑECER, INFORMARSE

Informativo

Primeiras lecturas



Os nosos mares



Diego García, Noela Sánchez e Jorge Pascual



Clara Cerviño



Cinco ecosistemas para coñecer o mar galego e a vida que habita nel.



miudiño
- S.COOP.GALEGA -



Coñecer para amar



978-84-944758-4-9



2021

DE COÑECER, INFORMARSE

Informativo

Lecturas autónomas



Puf! vaia peido... Seres sorprendentes con nomes ben ocorrentes



Luisa Martínez Lorenzo



Para coñecer o xeito de vida de distintos seres vivos que fan pensar en cousas ben diferentes.



EDITORIAL GALAXIA



Lanterna de Aristóteles



978-84-9151-270-7



2018

DE COÑECER, INFORMARSE

Banda Deseñada

Lecturas autónomas



Microalgas. O mundo oculto



Xulia Pisón



Xulia Pisón



Aventuras dunhas microalgas personificadas nunha panda de rapaza da que quere loitar contra a degradación do medio ambiente. Interca-ladas coa narración, aparecen fichas descritivas destes seres ao redor de temas tan candentes como a alimentación ou a contaminación.



UNIVERSIDADE
DA CORUÑA



Ciencia Aberta



978-84-9749-696-4



2019

DE COÑECER, INFORMARSE

Banda Deseñada

Lecturas autónomas

**Microalgas. O mar de Ardora**

Xulia Pisón



Xulia Pisón



Nova aventura de Spirulina e a súa panda para axudar aos mareel na loita contra a vertedura de residuos tóxicos e a contaminación nas augas que son o seu fogar.

UNIVERSIDADE
DA CORUÑA

Ciencia Aberta



978-84-9749-743-5



2020

DE COÑECER, INFORMARSE

Informativo

Primeiras lecturas

**As aves**

Carlos Silvar



Carlos Silvar



30 ilustracións para aprender, identificar e provocar interese polo mundo das aves nas nenas e nenos.



As aves

A MESA

978-84-608-3766-4



2015

DE COÑECER, INFORMARSE

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas

**O xardín das bolboretas**

Laura Weston



Carlos Silvar



Un libro singular, con pestañas que se abren en cada páxina para amosar un ciclo da vida da bolboreta monarca. Un portento da natureza que mediante esta obra ilustrada en branco e negro e cor podemos coñecer a súa metamorfose desde verme a marabilla voadora.

O Xardín das
Bolboretas

Engalante



978-84-944792-2-9



2016

DE COÑECER, INFORMARSE

Informativo

Lecturas expertas

**Viches iso? Un singular percorrido pola vida das aves invisibles**

José Arcas



José Arcas



Unha chamada de atención para erguer a cabeza e descubrir un mundo novo ao noso redor: na praia, na aldea, na cidade... e facer un singular percorrido pola vida desas aves, para nós, "invisibles".



VICHES ISO?

EDITORIAL GALAXIA

Lanterna de
Aristóteles

978-8491517122



2021

DE COÑECER, INFORMARSE

Guías

Lecturas expertas



Guía definitiva dos peixes da Galiza



Nacho Munilla



Pancho Lapeña



Descríbense 51 peixes dos mares galegos, dan conta dos seus múltiples nomes e achegan algúns dos ditos, contos e fantasías que eles protagonizan.



Compañía Soriano Ourensana

978-84-09-26337-0

2020

DE COÑECER, INFORMARSE

Guías

Lecturas expertas



Guía de iniciación á natureza



Javier Moreiras Menor



Javier Moreiras Menor e Nature&Travel



Iniciación ao estudo da natureza con información amena e sinxela sobre e fauna e flora de Galicia dirixida á xente nova, con fotos e debuxos, consellos útiles e técnicas de observación. Centrada no coñecemento, respecto e defensa da natureza para traballar a educación ambiental.



EDITORIAL GALAXIA

Guías

978-84-8288-187-4

2020

DE COÑECER, INFORMARSE

Álbum ilustrado

Lecturas expertas



Nación Mar. Cetáceos, navíos, espíritos e mitos



Xosé Iglesias



Xosé Iglesias



Ilustracións e texto arredor do ecosistema mariño e a simbiose entre os seus moradores.



Bululú

978-84-18667-01-5

2021

DE COÑECER, INFORMARSE

Informativo

Lecturas expertas/adultas



A Ribeira Sacra. Guía práctica



Manuel Garrido



Guía exhaustiva da Ribeira Sacra, facendo fincapé no Miño e o Sil, nas fragas e soutos, mais tamén nos percorridos pola arquitectura, viñedos e cultura da zona.



XERAIS

Guías-Montes e Fontes-Roteiros



978-84-9782-917-5

2008

DE COÑECER, INFORMARSE

Guías

Lecturas expertas/adultas

 **Guía dos moluscos de Galicia** Jorge Otero-Schmitt e Emilio Rolán Pancho Lapeña VV. AA. *Máis de 400 especies de moluscos descritos, fotografados ou ilustrados, con mapas de hábitat, bibliografía e glosario.*



EDITORIAL GALAXIA

 Guías 978-84-8288-072-3 1996


DE COÑECER, INFORMARSE

Guías

Lecturas expertas/adultas

 **Guía e rutas dos Ancares** Alejandro González Arias Bernardo Saavedra Pita Alejandro González Arias Dervicad *A guía non só inclúe itinerarios de montaña nos Ancares cos correspondentes mapas, tamén ofrece información, fotos e ilustracións da flora e fauna da comarca.*


EDITORIAL GALAXIA

 Guías 978-84-8288-021-1 1995


DE COÑECER, INFORMARSE

Guías

Lecturas expertas

 **Guía dos minerais de Galicia** Juan Carlos Mirre *Descricións, fotografías e mapas de distribución dos minerais que se atopan no solo de Galicia.*



EDITORIAL GALAXIA

 Guías 978-84-7154-729-3 1990


DE COÑECER, INFORMARSE

Guías

Lecturas expertas/adultas

 **Guía da Ribeira Sacra** Mercedes Vázquez Saavedra e Carmen Vázquez Pérez-Batallón Mercedes Vázquez Saavedra *Guía con indicacións e fotos de rutas, natureza, artesanía, arqueoloxía, monumentos, lendas da comarca...*


EDITORIAL GALAXIA


 Guías 978-84-8288-451-6 2001


DE COÑECER, INFORMARSE


Guías


Lecturas expertas/adultas

 **O Courel**

 Mercedes Vázquez Saavedra

 Tuco

 Mercedes Vázquez Saavedra, Paco Vila e Vítor Vaqueiro

 *Guía para coñecer e gozar dos montes, aldeas e natureza do Courel.*



EDITORIAL GALAXIA

 Guías


 978-84-8288-634-3


 2003


DE COÑECER, INFORMARSE


Guías


Lecturas expertas/adultas

 **O país dos mil ríos**

 Xosé Lois Ripalda

 Xulio-G Sequeiros Tizón

 *Partindo da descrición xeográfica das principais cuncas fluviais galegas, unha guía inmaterial do seu significado na cultura: literatura arredor dos ríos, cultura da augalendas, festas, patrimonio artístico e rutas que os converten en canle de comunicación.*



EDITORIAL GALAXIA

 Guías


 978-84-7154-256-4


 2010


DE COÑECER, INFORMARSE


Informativo

Lecturas expertas/adultas

 **Terra. Ciencia, aventuras e sorpresas dunha viaxe arredor do mundo**

 Xurxo Mariño

 *Un libro de viaxes convertido nunha aventura de divulgación científica no que o autor introduce explicacións científicas para distintos fenómenos físicos, xeolóxicos, astronómicos ou biolóxicos. Conclúe que todas as viaxes comezan sempre por coñecer o que tes preto da túa casa, porque se non, non tes capacidade de establecer relacións.*

 O libro complétase cos vídeos que se poden ver a través da súa páxina: <http://vagamundeando.com>



XERAIS

 Básicos Ciencia

 978-84-9121-180-8

 2017

E TAMÉN...

Veciñas do home. Guía das aves urbanas de Galicia

Guía verde de Santiago de Compostela











.....










.....










.....









.....

.....

DE FAUNA	Álbum ilustrado	Primeiras lecturas
<p> A balea</p> <p> Benji Davies</p> <p> Benji Davies</p> <p> Raquel Ferrán</p> <p> <i>Un pescador vive co seu fillo e seis gatos. Mentres el vai pescar, o neno atopa unha balea varada na praia. Lévaa ata a casa e métea na bañeira para que se sinta ben (pon música, e le para ela os contos que considera lle van gustar). Cando o pai a descobre convénceose de que a deben devolver ao seu medio. Dende aquela, o neno mira o mar por se algún día a súa amiga decide volver.</i></p>		<p> Andana editorial</p> <p> Guías</p> <p> 978-84-17497-79-8</p> <p> 2020</p>

DE FAUNA	Poesía	Primeiras lecturas
<p> Acuario</p> <p> María Canosa</p> <p> Dani Padrón</p> <p> <i>Un poemario sobre os habitantes do mar. A través dos poemas coñecemos xogando, os nomes dos peixes e outros animais que viven no medio mariño.</i></p>		<p> ee edicións embora</p> <p> Fardel dos sonhos</p> <p> 978-84-17824-42-6</p> <p> 2012</p>

DE FAUNA	Poesía	Primeiras lecturas
<p> Acuario 2</p> <p> María Canosa</p> <p> Dani Padrón</p> <p> <i>Un poemario sobre os habitantes do mar. A través dos poemas coñecemos xogando, os nomes dos peixes e outros animais que viven no medio mariño.</i></p>		<p> ee edicións embora</p> <p> Fardel dos sonhos</p> <p> 978-84-92644-94-0</p> <p> 2014</p>

DE FAUNA	Narrativa	Lecturas expertas
<p> A memoria dos paxaros</p> <p> Teresa González Costa</p> <p> <i>Ao lado dunha reserva de aves aparecen despoixos de paxaros ao tempo que se escoitan chíos arrepiantes. Un especulador de terreos asegura ter a solución a todos os problemas. Celeste, a filla do ornitólogo e máis dunha investigadora da mitoloxía das aves, vai tentar descubrir que hai detrás de todo o que está a pasar.</i></p>		<p> XERAIS</p> <p> Fóra de xogo</p> <p> 978-84-9121-692-6</p> <p> 2020</p>

DE FAUNA

Narrativa

Lecturas autónomas

As peripecias de Extravaganzza Pérez

Ledicia Costas

Óscar Villán

Extravaganzza Pérez vive nunha casa que semella un zoolóxico. Os seus pais son dous biólogos de moita sona. Un día marchan a unha expedición secreta deixando a Extravaganzza soa na casa... a súa capacidade de comunicación cos animais vai axudar nesa empresa de defensa do máis valioso.



XERAIS

Merlín

978-84-9121-312-3

2018

DE FAUNA

Informativo

Lecturas autónomas

Bolboretas e avelaiñas

Paul Whalley

Xosé Antón Palacio

Información sobre as bolboretas, avelaiñas e os seus ecosistemas.



ediciones Altea

Biblioteca Visual Altea

978-84-372-3735-0

1989

DE FAUNA

Poesía

Lecturas autónomas

Coller as rendas

Yolanda Castaño

Xosé Tomás

Poemas sobre animais que escollen o seu camiño libres de imposicións, compartindo soños, desexos...



XERAIS

Merliño

978-84-9914-806-9

2015

DE FAUNA

Album ilustrado*

Primeiras lecturas

Dous osiños

Ylla (Camilla Koffler)

Ylla (Camilla Koffler)

Xosé Ballesteros

Dous osiños, irmán e irmá, pérdense xogando no bosque ao desobedecer á nai. Nel descubren outros mundos e animais. A nai atópaos antes de que cheguen a angustiarse. As imaxes son fotografías en tons grises dunha das mellores fotógrafas de animais.



kalandraka

Tras os montes

978-84-1343-115-4

2021

Album ilustrado* (fotoliteratura)

DE FAUNA

Narrativa

Lecturas autónomas

**Doutor Rus**

Gloria Sánchez



Pablo Pretifilippo



O Doutor Rus é un veterinario de fama e na súa consulta coñeceremos todo tipo de animais e os problemas de orde natural ou humana a que se enfrontan.

**rodeira**

Tucán. Serie verde



978-84-8116-310-0



1995

DE FAUNA

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas

**Enyd e o bosque esquecido**


María Quintana Silva



Silvia Álvarez



Os animais do bosque están fartos do lixo que lles levan os humanos. O mapache decide comezar a protesta, vaino seguir Enyd e o sapo. Ao chegar á cidade os veciños secúndanos. Ademais, vai arder o bosque vanse xuntar para traballar na súa recuperación.



Camiñemos cara a un mundo verde



978-84-18687-02-0



2021

DE FAUNA

Narrativa

Primeiras lecturas

**Evaristo, un corvo moi listo**

Manolo Uhía



Manolo Uhía



O pequeno Lino, afeito a nadar e mergullarse entre algas e peixes, faise amigo dun corvo mariño, Evaristo; xuntos emprenden unha viaxe ao fondo do mar.

**editorial everest**

Montaña encantada



978-84-403-0430-8



2002

DE FAUNA

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas

**Niños**

Pepe Márquez



Natalia Colombo



Manuela Rodríguez



Relaciona cada paxaro co tipo de niño que lle corresponde, nunha fermosa obra que busca a sensibilización máis que a documentación.

**kalandraka**

MareMar



978-84-8464-698-3



2013

DE FAUNA

Narrativa

Primeiras lecturas



O ladrón de paxaros



Paco López - Barxas



Chus Ferrín



Cun fondo ecoloxista e de chamada ao respecto polos animais, conta as aventuras que vive e os perigos que ten que superar Martín, e a súa almofada voadora, para liberar todos os paxaros que viven colgados das súas gaiolas nas terrazas dos edificios da cidade.



Xiz de cor



978-84-96526-66-2



2011

DE FAUNA

Narrativa

Lecturas expertas



O libro da selva



Ruyard Kipling



Rafael Salgueiro



Mowgli é un meniño perdido, adoptado por unha familia de lobos, aceptado pola manda e protexido de Bagheera. O rapaz aprenderá co oso Baloo, mestre da lei, as normas de convivencia, as linguaxes dos animais, a orixe do mundo e a aparición do medo, representado polo ser humano.

Un libro cheo de respecto pola natureza e todos os seres vivos.



Avanzado



978-84-15920-32-8



2014

DE FAUNA

Teatro

Lecturas autónomas



O merlo branco



Cándido Pazó



Xan López Domínguez



O merlo branco séntese rexeitado por todos. No seu periplo para se afastar de si mesmo e dese complexo por ser diferente, o merlo achéganos a moitos tipos de paxaros e as súas circunstancias, para concluir que un merlo é un merlo sexa da cor que sexa.



Altamar



978-8421616390



1991

DE FAUNA

Informativo

Lecturas autónomas



O paxaro e o seu niño



David Burnie



David Burnie



Xosé Antonio Palacio Sánchez



Información sobre as aves e as diferentes tipoloxías de niños. Os niños chaman a atención da rapazada, dende sempre; ao lado do recoñecemento de cada un dos paxaros e o seu canto, aniña o interese polos diferentes niños, esas casas que as aves constrúen cada ano.



Biblioteca Visual Altea



84-372-3730-0



1990

DE FAUNA

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas

**Ra de tres ollos**

Olga de Dios



Olga de Dios



Mónica Lourido Santiso



Está dedicado ás persoas que traballan para defender o planeta e diso vai a historia.

A ra ve moito lixo, o ceo está cuberto por unha nube negra que é de fume da contaminación. Buscando a orixe da nube atopa a fábrica que non para de producir miles de obxectos que son consumidos, seguindo a consigna de usar e tirar. Van ter que buscar unha solución.



Monstro rosa



978-84-17028-35-0



2020

DE FAUNA

Narrativa

Lecturas autónomas

**Voces de vacas**

Xavier López Rodríguez



Unha homenaxe ás vacas e as súas voces, porque elas poden contarnos as súas vidas, as relación que manteñen, os seus medos e a súa cotiá entrega ao traballo. Teñen nomes propios e narran o mundo dende un ollos pacíficos e maternais, dende a tenrura e a dureza.



EDITORIAL GALAXIA



Árbore



978-84-8288-224-6



1999

DE FAUNA

Informativo

Primeiras lecturas

**Tilirín e os paxaros**


Héitor Picallo



Héitor Picallo



Pequeno dicionario ilustrado en acuarela onde Tilirín mostra diversos paxaros característicos de Galicia e o seu nome máis común.



FERVENZA



O meu primeiro dicionario



978-84-96368-09-5



2004

DE FAUNA

Informativo

Primeiras lecturas

**Tilirín e os peixes**

Héitor Picallo



Héitor Picallo



Pequeno dicionario ilustrado en acuarela onde Tilirín mostra diversos peixes característicos de Galicia e o seu nome máis común.



FERVENZA



O meu primeiro dicionario



84-96368-09-2



2005

DE FAUNA

Informativo

Primeiras lecturas



Tilirín e os insectos



Héitor Picallo



Héitor Picallo



Pequeno dicionario ilustrado en acuarela onde Tilirín mostra diversos insectos característicos de Galicia e o seu nome máis común.



FERVENZA



O meu primeiro dicionario



978-84-96368-95-8



2009

DE FAUNA

Poesía

Lecturas autónomas



De pombas e bolboretas



Antonio García Teijeiro e María Lires



Poemario infantil dividido en dúas partes (Pombas/Bolboretas) repleto de referencias á beleza natural e ao valor da convivencia. Na parte final do libro as bolboretas visitan aos poetas Aquilino Iglesias Alvariño, Federico García Lorca, Edwar Lear, Manuel María e Antonio Machado.



ee edicións embora



Fardel dos soños



9788417824563



2022

DE FAUNA

Narrativa

Primeiras lecturas



A marela Taravela





Xosé Neira Vilas



Cristino Zarza / Xaquín Marín



Tarabela é unha vaca que sente e pensa como as persoas. Ela ve o mundo a través dos seus grandes ollos vacúns e coida que hai demasiadas inxustizas. Tamén sente agarimo por Xuxo, o seu pequeno amo, que chega a querer a Tarabela como se quere aos grandes amigos.



EDICIONES "CELTA"



8470440756



Celta: 1976

EDITORIAL GALAXIA



Árbore



978-84-8288-760-9



1989

Na edición de Galaxia, muda o título de *A marela Taravela* a *A marela Tarabela*.

DE FAUNA

Poesía

Lecturas autónomas



Zoonetos



Antón Cortizas Amado



Sonja Wimmer



Un libro de zooloxía e poesía.
Un ramallo de sonetos, cada un ao redor dun animal.



Ala Delta



9788490462386



1990

DE FAUNA

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas

**Amani**

Miguelanxo Prado



Miguelanxo Prado



Seica os hipopótamos son os animais máis perigosos de África, pero Amani non é así.

Esta é a historia dun hipopótamo cachazudo, carente de agresividade e bonachón.



RETRANCA EDITORA

978-84-94163-29-6

2019

E TAMÉN...*O alendar dos animais**A familia dos animais salvaxes**Animalario**A tea de araña que todo o apaña**A toupa cegarata**Contos da selva de Longorongón**Gato Gaiado e a Andoriña Señá: unha historia de amor**Kusuma**Lobo bravo**Lobo, lobo**O paporrubio que se foi**Páxinas de carricanta**Poemas que me cantou o grilo**De plumas e bicos**Un niño no xardín**Aprendendo coas aves*

DE FLORA

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas



Entre papoulas



María Canosa



Marta Rivera Ferner



Unha papoula perde parte dun pétalo por un despiste dun paxariño. A natureza cóidaa, recupéraa e prepáraa para espallar as súas sementes e encher máis campos de papoulas.



editorial **everest**



Ler é vivir



9788440311191



2009

DE FLORA

Informativo

Lecturas expertas



A árbore



David Burnie



X. Miguel Barros



A través de numerosas imaxes coñecemos as distintas partes dunha árbore e as súas características.



ediciones Altea



Biblioteca visual Altea



978-8437237336



1990

DE FLORA

Narrativa

Lecturas autónomas



A árbore dos soños



Fernando Alonso



Emilio Urberuaga



Ramón Nicolás Rodríguez



Historias protagonizadas por árbores: cinco relatos sobre unha cerdeira, un bonsai, unha árbore soñadora...



Kalandraka



Sete Leguas



978-84-8464-371-5



2019

DE FLORA

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas



A árbore xenerosa



Shel Silverstein



Chema Heras



Unha árbore e un neno inician unha relación de amizade que vai recorrendo as distintas etapas da vida dende a infancia ata a vellez. Ao longo desa traxectoria podemos observar a desigualdade nese trato.



Kalandraka



Tras os montes



978-84-8464-962-5



2015

DE FLORA

Narrativa

Lecturas expertas

**A casa dos Lucarios**

Teresa Moure



Trata da historia dunha familia a través de distintas xeracións na que a natureza, as árbores, as herbas... están presentes no cotiá, as mensaxes ecoloxistas así como os poderes máxicos e sobrenaturais.



Fóra de Xogo



978-84-9782-630-3



2007

DE FLORA

Narrativa

Primeiras lecturas

**A castaña que chegou a árbore**

Tucho Calvo



Pitón



Unha castaña sae do seu ourizo ó mundo exterior no que só ve perigos, incluíndo ós homes e ás mulleres que a queren comer.

O elefante
contacontos

978-8476803325



2000

DE FLORA

Teatro

Lecturas autónomas

**A fraga (des)animada**

Xesús Santos Suárez



A obra aborda a convivencia entre árbores autóctonas, como o carballo e o castiñeiro, e as especies foráneas, como o eucalipto ou a sobreira, dentro dun mesmo hábitat.



Nabarquela



978-84-7680-114-7



1993

DE FLORA

Poesía/ Cancións

Primeiras lecturas

**A fraga do meu avó**

Alicia Borrás e Gloria Sánchez



María Lires



Mamá Cabra



A fraga do avó do protagonista está chea de árbores, animais e vida, pero vese ameazada por especies foráneas e xente que tenta acabar con ela. Para concienciar sobre a problemática dos bosques autóctonos e dos espazos naturais que coidaron os avós.



Sonárbore



978-84-9151-359-9



2019

DE FLORA

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas



A mazá e a bolboreta



Enzo e Iela Mari



Marta Rivera Ferner



Da flor da maceira sairán mazás, do mesmo xeito que unha eiruga converterase en bolboreta.



Kalandraka



Demademora



978-84-8464-587-0



2006

DE FLORA

Narrativa

Lecturas expertas



A memoria da árbore



Tina Vallès




Adrià Fruitós



Xavier Rodríguez Baixeras



A árbore nesta historia simboliza a memoria, o pasado do avó que padece alzheimer.



978-84-16721-40-5



2019

DE FLORA

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas



A memoria das árbores



Xosé A. Neira Cruz




Kiko Dasilva



Marcial del Adalid



O nacemento de Tano vén acompañado coa plantación dun baobab na súa horta que vai medrando canda el e co que tamén celebra os seus aniversarios.



Kalandraka



Sondeconto



978-84-95123-99-2



2000

DE FLORA

Narrativa

Lecturas expertas



A miña planta de laranxa lima



José Mauro de Vasconcelos



Fernando Alonso Andújar



Zezé trasládase coa súa familia a unha casa rodeada de numerosas árbores. Entre os irmáns deciden facerse donos cada un dunha árbore. A Zezé tocoulle unha pequena planta de laranxa lima, coa que comeza a falar e sentirse protexido de todos os seus infortunios.



primerapersona



978-84-95923-78-3



2016

DE FLORA

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas

**A pequena árbore**

Ánxeles Ferrer



Ánxeles Ferrer



A través da súa lectura móstrase a evolución dunha árbore ao longo das diferentes estacións do ano e os perigos cos que pode atoparse, coma o lume.



XERAI S



Merliño



978-84-9782-199-5



2004

DE FLORA

Narrativa

Lecturas expertas/familias

**Ao pé do magnolio**

Marina Mayoral



A novela ten como protagonista a Paco, contrapeso masculino de Laura, do libro Unha árbore, un adeus da mesma autora. A historia recolle as conversas con ela, cando senta cada día baixo o magnolio que Laura plantou e que el coidou durante vinte e cinco anos, os mesmos anos que o magnolio tardou en florecer.



EDITORIAL GALAXIA



Literaria



978-84-8288-674-9



2004

DE FLORA

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas

**Cen sementes que voaron**

Isabel Minhós Martins



Xosé Veloso



Unha historia que revela a importancia das sementes, das árbores e da natureza en xeral. Seguimos a traxectoria das sementes dende as que se perden a aquelas que frutifican.



EDITORIAL GALAXIA



978-84-9151-414-5



2020

DE FLORA

Narrativa

Primeiras lecturas

**Historias da fraga revirada**

Xosé Tomás



Xosé Tomás



Historias dos distintos animais que habitan nas fragas coma a do lobo feroz e outras.



EDITORIAL GALAXIA



Álbumes



978-84-9151-615-6



2021

DE FLORA

Poesía

Primeiras lecturas



Macedonia de versos




Concha Blanco



Lidia Nokonoko



Poemas que permiten ir descubrindo as froitas e toda a súa riqueza a través de fermosos e atinados versos.



978-84-947807-3-8



2018

DE FLORA

Teatro

Lecturas expertas



Madeira de gañador



Teresa González Costa



O protagonista transformarse nunha árbore, do mesmo xeito que o que lle aconteceu a Dafne na súa fuxida de Apolo. Unha historia que xira arredor da madeira e a cobiza dos homes.



FERVENZA



978-84-939167-1-8



2017

DE FLORA

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas



No bosque




Ainara Azpiazu



Ana Escourido Marín



Unha nena co seu avó e unha cámara de fotos van descubríndonos a beleza dos bosques e dos seus habitantes.



978-84-09-27512-0



2021

DE FLORA

Narrativa

Lecturas expertas



No outono das fragas



Manuel Lourenzo



Manel, o rapaz protagonista, no seu percorrido pola fraga encantada, achéganos á tradición das vellas lendas e historias galegas.



Gaviota



978-8487126918



1995

PLANETA & OXFORD



Nautilus



978-84-9811-105-7



2007

DE FLORA

Narrativa

Lecturas autónomas

**Nos xardíns**

Lourdes Maceiras



Manuel Uhía



Trátase de observar a importancia dos parques e xardíns dentro da cidade.



84-453-1094-1

1994

DE FLORA

Narrativa

Lecturas autónomas

**O carballo**

Carlos Silvar



Carlos Silvar



A través da figura dun carballo humanizado, o autor pretende espertar a sensibilidade da rapazada sobre a importancia das árbores na nosa vida e na conservación do medio ambiente.



A aventura de vivir

978-84-9995-037-2

2012

DE FLORA

Poesía

Primeiras lecturas

**O xardín de Irene**

Xosé Neira Vilas



Leandro Lamas



Irene ten un xardín que cuida con agarimo. O sol, a luz, a chuvia, o rego, as flores, os paxaros... andan polos versos guiados polo respecto da natureza.

Un canto á beleza dos espazos naturais e ao coidado da terra.



Fardel dos sonhos

978-84-92644-95-7

2015

DE FLORA

Teatro

Lecturas autónomas

**Pelexa no souto**

Olimpio Arca Caldas



Paco Lareo



Xuízo polas disputas entre un castiñeiro e un eucalipto no que distintos animais e veciños interveñen para aclarar as virtudes de ambos os dous.



A Pinguela. Teatro para ler e representar

978-92-0-605181-8

2006

DE FLORA

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas



Que fai falta?



Gianni Rodari



Silvia Bonnani



Xosé Ballesteros



A súa lectura permite comprender a importancia do equilibrio que se debería manter entre o home e a natureza. Trátase de ir vendo que hai detrás de cada un dos obxectos que vemos.



Kalandraka



Tras os montes



978-8484647539



2020

DE FLORA

Narrativa

Lecturas autónomas



Sementes



Sonia García



Sonia García



No Reino das Pílulas ninguén lembra como se sementa a terra. Está prohibido. Unha moza vai tentar que o campo volva dar os seus froitos, malia ter que infrinxir as leis para acadalo.

Unha fonda reflexión sobre o mundo en que vivimos, sobre unha sociedade dominada por artificios.

Contén disco con banda sonora, conto locutado e montaxe en vídeo.



XERAIS



Pequeno Merlín



978-84-9121-139-6



2017

DE FLORA

Álbum ilustrado

Lecturas autónomas



Sementes de papel



Bea Gil



Silvia Gil



Historia protagonizada por Eyla e Naia e de como viven a súa relación coa natureza.



BAÍA EDICIONS



978-84-9995-077-8



2013

DE FLORA

Poesía

Lecturas autónomas



Sementes viaxeiras



Yolanda Castaño



Xosé Tomás



Con moita imaxinación, a historia vainos levando coas sementes. Con elas viaxamos por distintos medios e observamos como espallan a descendencia.



ee edicións embora



Fardel dos sonhos



978-84-17824-05-1



2019

DE FLORA	Narrativa	Primeiras lecturas
<p> Soñei que era unha árbore</p> <p> María Teresa Puig Calzadilla</p> <p> María Lado Lariño</p> <p> <i>Lucas, o neno protagonista, vese convertido no seu soño, nunha árbore que xoga co vento, as sombra e o sol.</i></p>	 <p>SONEI QUE ERA UNHA ÁRBORE</p> <p>Un conto de Tere Puig ilustrado por Tere</p>	 <p>978-84-8289-246-7</p> <p>2008</p>
DE FLORA	Poesía	Lecturas autónomas
<p> Verdades</p> <p> Yolanda Castaño</p> <p> Xosé Tomás</p> <p> <i>Poemas relacionados coas plantas e a natureza en xeral, en interacción cunha nena observadora e os seus avós.</i></p>	 <p>verdades</p> <p>Yolanda Castaño Xosé Tomás</p>	 <p>978-84-15086-31-4</p> <p>2012</p>
DE FLORA	Álbum ilustrado	Lecturas autónomas
<p> Xaime e as landras</p> <p> Tim Bowley</p> <p> Inés Vilpi</p> <p> G. Tolentino</p> <p> <i>O neno protagonista, Xaime, planta landras, pero non todas van xerminar e terminar convertidas en árbores.</i></p>	 <p>Xaime e as landras</p>	 <p>978-84-8464-532-0</p> <p>2005</p>

E TAMÉN...

A papoula era máxica***¡Bos días, Arbore! (As estacións)******Canta árbore e arbusto! Saír ao campo é un gusto!******Castiñeiro e compañía******Unha casa no bosque (O carballo vello)******O neno e a árbore******A flora de Os Eidos. Un percorrido botánico polo Courel da man de Uxío Novoneyra***

DE LENDAS

Narrativa

Lecturas expertas



A flor da cerdeira



VV. AA.



Xesús Carballo Soliño



Escolma de lendas que tratan da relación coa natureza e dos beneficios de respectala. Nelas reflíctese o carácter animista que, por exemplo, pode dotar ás árbores de personalidade propia.



EDITORIAL GALAXIA



Lendas



978-84-8288-592-6



2003

DE LENDAS

Narrativa

Lecturas expertas



Dadahwat: lendas indias norteamericanas



VV. AA.



Beatriz Fraga Cameán



As lendas dos indios norteamericanos son relatos que nos fan da harmonía coa natureza, do respecto e a gratitude cara á terra, os froitos, os animais... Os astros, sempre presentes, son os elementos máxicos que explican o mundo.



EDITORIAL GALAXIA



Lendas



978-84-8288-593-3



2003

DE LENDAS

Narrativa

Lecturas expertas



Naiyakay: Escolma de lendas populares africanas



VV. AA.



Xesús Carballo Soliño



As lendas africanas fan dunhas culturas de tradición oral, que nacen da relación directa coa natureza e procuran na imaxinación a forza para sobrevivir.



EDITORIAL GALAXIA



Lendas



978-84-8288-745-6



2004

DE LENDAS

Narrativa

Lecturas expertas



Popocatéptl: As lendas dos indios de Sudamérica



VV. AA.



Xesús Carballo Soliño



As lendas dos indios do continente sudamericano inspiran un profundo respecto pola natureza. As literaturas maia e azteca, culturas urbanas con mitos e deuses, ofrécennos un coñecemento sobre o ser humano tan rico como o das antigas mitoloxías europeas de hai dous mil anos.



EDITORIAL GALAXIA



Lendas



978-84-8288-744-9



2004

DE LENDAS

Epístola

Lecturas expertas

**Carta do Gran Xefe Seattle**

Discurso de resposta ao presidente dos USA, sobre unha oferta de compra das súas terras, na que lle di que se lles venden a terra, deben conservalo como algo sagrado e respectar os animais, o chan e o aire que é o alento que todos respiramos.



Edición dixital no web de Edicións Positivas:

<https://edicionspositivas.com>



POSITIVAS

POSITIVAS



Plural



2020

DE LENDAS

Narrativa

Lecturas autónomas

**As aventuras de Nunavut**

Xoán Abeleira



Jacobo Fernández Serrano



Nunavut é un nena inuit. A través da súa historia cóntanos a vida dos esquimós nun dos lugares máis difíciles para a vida, e a súa tradición de respecto pola natureza.



O nacemento de Nunavut, Sedna, a deusa do mar, O caribú namorado, Un día de caza



XERAIS



As aventuras de Nunavut

9788483029381

9788483029374

9788497820936

9788497822572



2003, 2004

DE LENDAS

Álbum ilustrado

Primeiras lecturas

**Akna. Os mariñeiros da terra de xeo**

Peio López Iturri



Irati Merino Petralanda



Sandra Terrón Varela



Unha nena inuit vive na gran illa branca e coida da contorna coma toda a súa civilización. Eles son conscientes de que só así a vida é posible porque da maneira na que nós coidemos a Terra será como esa Nai nos coídará a nós. Pero os perigos veñen da man do home branco...



EDITORIAL GALAXIA



Álbum



978-84-9151-582-1



2021

DE LENDAS

Ensaio

Lecturas expertas/Familias

**A verde pel de Gaia: Conversa entre un druída e un biólogo no bosque**

Giuseppe Barbiero, Federico Gasparotti e Elena Baruzzi



Conversa entre un druída e un biólogo no bosque.

EDICIONS
LAIÓVENTO

978-84-8487-521-5



2021

DE LENDAS

Narrativa

Lecturas autónomas



A folla azul



Andrea Maceiras



Sonia García



